



O Sindicato da Elevación, e as persoas que o conformamos, queremos manifestar a nosa consternación polo trágico accidente acontecido no día de onte en Angrois.

Nestes momentos de dor, queremos amosar as nosas condolencias ás vítimas, familiares e achegados e a nosa solidariedade e apoio a todo o colectivo de traballadores do ferrocarril.

Dende o noso punto de vista, sabedores de que se está a levar a cabo unha investigación para averiguar as causas do accidente, pensamos que é unha inxustiza e unha manipulación dende algúns medios de comunicación o tratar de enfocar unicamente a responsabilidade cara un erro de un traballador, cando por outra banda se presume de ter unha tecnoloxía punteira na que a supervisión do traballador é só unha parte máis dos protocolos que garanten a seguridade dos viaxeiros.

No suposto de que se verifique que a causa de este lamentable acontecemento foi un erro humano, estamos seguros que existen medios para evitar que accidentes de este tipo volvan a repetirse, aínda que eso supoña ter que aumentar as inversións en sistemas de seguridade.

A seguridade dos viaxeiros e os ferroviarios non pode, nin debe someterse aos beneficios empresariais. Na protección das vidas humanas nin se pode nin se debe aferrar nin recortar.

Por un tren seguro e de todos.

Na Galiza, a 25 de xullo de 2013